




Manual do Sistema de Garantía de Calidade

Facultade de Óptica e Optometría

3ª edición



Identificación do centro

Centro	Facultade de Óptica e Optometría
Responsable	María Jesús Giráldez Fernández
Enderezo	Edificio Monte da Condese s/n, Campus Vida 15782, Santiago de Compostela
Correo electrónico	facultade.opticaeoptometria@usc.es
Teléfono	881813510 ou 881813516

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	27/05/2010	Edición inicial
01	19/12/2014	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.
03	19/12/2019	Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos.

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría	10/07/2019
Aprobado por	Xunta de Facultade de Óptica e Optometría	11/07/2019
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	19/12/2019

Índice

1	A facultade de Óptica e Optometría	3
1.1	Presentación	3
1.2	Organigrama	6
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....	6
1.4	Regulamentos e normas	9
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade	9
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.....	10
3.1	Equipo de dirección (ED).....	10
3.2	Comisión de Calidade do Centro (CCC)	11
3.3	Responsable de calidade do centro (RCC).....	12
3.4	Comité Consultivo	12
3.5	Comisións de título.....	13
3.6	Coordinador/a de título (CT).....	14
3.7	Coordinador/a de Calidade.....	14
4	Mapa de procesos	14
5	Indicadores e informes	0
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit.....	1
	Anexo I. Política de calidade.....	3

1 A Facultade de Óptica e Optometría

1.1 Presentación

A primeira Universidade en impartir o título de Diplomado en Óptica en España foi a Universidade Complutense de Madrid, cuxa Escola Universitaria de Óptica creouse no ano 1972 polo Decreto 2842/1972 do 15 de Setembro (BOE, 20 de Outubro de 1972); titulación que capacita, de acordo ao Real Decreto 1665/1991, para unha profesión regulada polo entón Ministerio de Sanidad y Consumo. Máis tarde, este título incorporárase no mapa de titulacións da Universidade Politécnica de Cataluña (1977), a Universidade de Alacante (1985) e a Universidade de Granada (1989).

Un feito destacable en Europa para as titulacións universitarias reguladas en xeral, e para as Diplomaturas en Óptica en particular, é a Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, a que establece un sistema xeral de recoñecemento mutuo dos títulos de Ensinanza Superior que acreditan unha formación mínima de tres anos de duración, e indica no seu artigo 12 que os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para dar cumprimento ao que nela se dispón. Para o desenvolvemento no noso país desta Directiva, apróbase o Real Decreto 1665/1991, que permite a aplicación de dita Directiva. No seu *Anexo I. Relación de profesións reguladas en España no sector sanitario* recóllese a profesión regulada de Óptico. Asemade no *Anexo 4. Ministerios aos que corresponde a relación coas distintas profesións*, sería o Ministerio de Sanidade e Consumo o que regula a profesión de óptico.

Un ano máis tarde, en 1990 (BOE, 20 de Novembro) creouse a Escola Universitaria de Óptica e Optometría (E.U.O.O) da Universidade de Santiago de Compostela, sendo director o profesor Carlos Gómez-Reino Carnota, e con catro obxectivos fundamentais: Recoñecer unha actividade profesional que viña exercendo desde facía anos, garantir a formación científico-técnica esixible aos profesionais de Óptica e Optometría, conseguir a homologación de estudos e competencias a nivel Europeo e dar resposta á demanda social de persoal co perfil profesional de Óptico Optometrista.

Como consecuencia da Lei de Reforma Universitaria, no ano 1990, o Real Decreto 1419/1990 (BOE do 20 de Novembro de 1990) establece o Título Universitario de Diplomado en Óptica e Optometría así como as directrices xerais propias dos plans de estudo que deben cursarse para a súa obtención e homologación. En outubro de 1991, o Consello de Universidades homologa o plan de estudos da Escola Universitaria de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela (BOE, 26 de Agosto de 1992 e unha corrección de erros BOE, 3 de Febreiro de 1993), converténdose esta na primeira Escola en España que imparte os estudos conducentes á obtención do devandito Título Oficial cuxas achegas máis relevantes foron: a aparición do termo “optometría” na denominación do título, de forma semellante á contorna internacional, a inclusión da materia “farmacoloxía e patoloxía ocular” e a posibilidade de ampliar a formación científica dos alumnos mediante un conxunto de materias obrigatorias e optativas.

Durante o curso 2010-2011, iniciouse unha nova andaina motivada pola Convergencia Europea; así a antiga Diplomatura de tres anos, viuse paulatinamente transformada en Grao de Óptica e Optometría cunha duración de catro anos. Este feito levou a un cambio moi importante na titulación xa que implicou o paso dunha Diplomatura Científico-Técnica, a un grao dentro da rama de Ciencias da Saúde na que os titulados se forman para a atención primaria da saúde visual, estando en consonancia coa

Ley 44/2003, de 21 de noviembre,, de Ordenación de Profesiones Sanitarias (LOPS), lei que regula a actividade do profesional do Óptico-Optometrista.

Os nosos obxectivos son os propios dunha institución universitaria; cooperar no cumprimento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, isto é, contribuír na mellora da transmisión do coñecemento, a investigación e a formación humana integral. Así a nosa labor céntrase na formación dos profesionais e das persoas que traballarán nun futuro coa saúde visual na atención primaria, os profesionais sanitarios Ópticos-Optometristas (*Ley 44/2003, de 21 de noviembre,, de Ordenación de Profesiones Sanitarias*).

A Facultade pretende que a formación dos seus estudantes se oriente ao desenvolvemento dunha capacidade de aprendizaxe independente; por iso, tenta compaxinar unha planificación coidadosa das clases teóricas que eviten solapamentos entre materias, coa dispoñibilidade de tempo suficiente para realizar actividades orientadas cara á aprendizaxe de aptitudes e habilidades, que abarcan desde o manexo de bibliografía ata a destreza na aplicación correcta de coñecementos.

O obxectivo institucional que propoñemos é formar profesionais en Óptica e Optometría en base ao seu rango universitario e ás necesidades de saúde visual da poboación, tal como ven delimitado na LOPS.

A áxil resposta desta Facultade ante a última reforma dos plans de estudo, deu como resultado a aparición de novas materias no novo Grao, que levaron a unha formación máis completa e converxente cos estudos máis punteiros impartidos no ámbito da Unión Europea, e axustándose ós requirimentos establecidos polo Diploma Europeo en Optometría, o referente para a titulación de Óptica-Optometría en Europa; diploma que contempla como indicador da adquisición de competencias clínicas o número de pacientes vistos polos estudantes. Este novo plan de estudos posibilitará aos alumnos unha mellor e maior mobilidade dentro dos distintos países da Unión Europea.

O noso plan de estudos pasou un primeiro proceso de acreditación no que destacan en primeiro lugar o Servizo de Optometría (a clínica de Optometría da USC; centro inscrito no Rexistro de Centros Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia co número C-15-002430), como eixe da formación que se ofrece aos estudantes e co fin de que estes adquiran as competencias clínicas relacionadas con seu futuro exercicio profesional. O Servizo de Optometría, inaugurado o 22 de outubro do 2002, ten como obxectivo potenciar a práctica clínica en óptica-optometría dos estudantes, sendo o soporte básico e fundamental para que os alumnos de terceiro e cuarto curso do Grao en Óptica e Optometría (900 horas correspondentes as materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III; e 500 horas de Prácticas Tuteladas) e do Máster en Optometría, poidan realizar exames visuais a pacientes, baixo a supervisión dun profesor. Neste senso, a única pretensión posible é que o número de pacientes que poidan manexar baixo supervisión os estudantes sexa cada vez maior e que abarque diferentes especialidades, o que requirirá un replantexamento na dispoñibilidade de espazos. Actualmente, a Facultade conta cunha superficie útil de ao redor de 4000 m² no edificio “Monte dá Condessa”, no Campus Vida da Universidade, dos cales aproximadamente 1257 m² corresponden aos laboratorios docentes e 120 m² ás instalacións do

Servizo de Optometría; sendo 46,46 m² o espazo funcional onde se imparte cada curso un total de 2000 horas de docencia clínica do Grao en Óptica e Optometría e do Máster en Optometría.

Entre os servizos da Facultade destaca tamén a biblioteca e a aula de informática. A biblioteca forma parte da Biblioteca Intercentros Facultade de Física - Facultade de Óptica e Optometría na que se ofrece unha Sala de Lectura e unha Hemeroteca para consultar publicacións periódicas, BOE e DOG que existe no centro. Nas instalacións da Facultade atópanse os fondos relativos aos manuais de alumnos e os últimos números das publicacións periódicas mentres que os fondos relativos a investigación atópanse depositados nas instalacións da Facultade de Física. A aula de informática foi remodelada no ano 2005 co obxecto de dar servizo a todos os alumnos da Facultade e como laboratorio de apoio á docencia.

A continuación presentamos a relación de Departamentos (coas súas devanditas áreas) que imparten docencia na Facultade de Óptica e Optometría.

- Departamento de Bioloxía Funcional
 - o Área de Bioloxía Celular
- Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
 - o Área de Bioquímica e Bioloxía Molecular
- Departamento de Ciencias Morfolóxicas
 - o Área de Anatomía e Embrioloxía Humana
- Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
 - o Área de Oftalmoloxía
- Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
 - o Área de Economía Financeira e Contabilidade
- Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
 - o Área de Estatística e Investigación Operativa
- Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
 - o Área de Farmacoloxía
- Departamento de Física Aplicada
 - o Área de Optometría
 - o Área de Óptica
 - o Área de Física Aplicada
- Departamento de Fisioloxía
 - o Área de Fisioloxía
- Departamento de Matemática Aplicada
 - o Área de Astronomía e Astrofísica
- Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
 - o Área de Microbioloxía
- Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
 - o Área de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico
- Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
 - o Área de Psicoloxía Básica
- Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

- Área de Medicina

1.2 Organigrama

O equipo decanal da Facultade de Óptica e Optometría está composto por:

Decano/a

Vicedecano/a

Secretario/a da Facultade

O/a decano/a é o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/as vicedecanos/as son nomeados polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo/a decano/a. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a en quen aquel delegue.

O/a secretario/a da Facultade é a persoa fidedigna do Centro. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2, e é nomeado/a polo reitor/a a proposta do decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade que incluíra os asistentes, acordos literais e mencións expresas.


Corresponderalle ao equipo decanal a xestión diaria da Facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

Son órganos de goberno e administración da Facultade: A Xunta de Facultade, o/a Decano/a, o/a Vicedecano/a ou os/as Vicedecanos/as, o/a Secretario/a e as comisións como se mostran a continuación:

- a) Comisións delegadas: Todas aquelas que a Xunta de Facultade considere oportuno crear/suprimir, como por exemplo:
 - 1. Comisión de Calidade
 - 2. Comisións de Título
 - i. Comisión de Título de Grao
 - ii. Comisión de Título de Mestrado
 - 3. Comisión de Asuntos Económicos
- b) Outras comisións da facultade:
 - 1. Comisión de Biblioteca
 - 2. Comisión de Normalización Lingüística
 - 3. Comisión de Xénero

4. Comisión de Prácticas Tuteladas
5. Comisión de Mobilidade



Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o órgano colegiado de goberno do centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Composición da Xunta de Facultade

- O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
- O/a vicedecano/a ou os/as vicedecanos/as.
- A secretaria ou secretario do centro, que o será tamén da Xunta.
- O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un cargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.
 - Representación do resto do persoal docente e investigador, que disporá do 10% do total. O profesorado a tempo parcial terá un 2%, cun mínimo dun representante.
- Representación do alumnado
 - O alumnado de grao, que disporá dun 26% da Xunta
 - O alumnado de mestrado, que disporá dun 3% da Xunta
 - O alumnado de doutoramento, que disporá dun 3% da Xunta.

No suposto de non ter alumnado censado no sector de mestrado e/ou doutoramento, estas porcentaxes de presentación acumularanse á do alumnado de grao.

- Unha representación do Persoal de Administración e Servizos (PAS) censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous representantes.

Á Xunta de Centro poderá ser convocado tamén, con voz pero sen voto, o profesorado, investigadores/as, PAS e delegados/as do alumnado que, sen pertencer á Xunta, realicen actividades de carácter docente, discente, investigador ou administrativo no Centro. Poderán convocarse igualmente, con voz pero sen voto, a alumnado e persoal alleo á Facultade sempre que estean implicados nalgún asunto da orde do día.

Competencias e funcións da Xunta de Facultade

- A elección da decana ou do decano e, de ser o caso, a súa remoción.
- A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- Propoñer aos departamentos encargados da docencia modificacións na estrutura da programación docente das materias dos plans de estudos das titulacións adscritas, tratando de obter unha máis axeitada coordinación entre os contidos.
- A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta de implantación de novas titulacións oficiais e a organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- Emitir informes sobre a actividade académica do profesorado.
- Establecer os criterios de avaliación dos servizos que presta o Centro e elaborar un informe anual da calidade de ditos servizos.
- A organización dos servizos docentes para a obtención de títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación da actividade docente do profesorado con docencia no Centro e, igualmente, a supervisión do seu cumprimento.
- Con carácter singular para casos específicos, a Xunta de Centro poderá conceder a dispensa de asistencia a clase.
- A programación dos servizos e equipamentos do Centro e a supervisión da súa xestión.
- A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao Centro e o control da súa aplicación.
- O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co Centro pola súa docencia e investigación.
- A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co Centro ou coas súas actividades.
- A creación de cantas Comisións Delegadas estime oportunas e, de ser o caso, fixar os temas que se poidan tratar nelas.
- Calquera outra competencia que lle atribúan este regulamento e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

A Xunta de Facultade poderá crear comisións delegadas que terán como misión emitir informes, coordinar, estudar e elaborar propostas, así como adoptar acordos sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.

Competencias das comisións delegadas

- Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- Coñecer e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, sendo competencia da Xunta de Facultade e non estando expresamente reservados ao Pleno, lle foran delegados.
- Asesorar en todas as cuestións que o/a decano/a lle someta no exercicio das súas competencias.

Comisións delegadas

- Comisión de Calidade do Centro
- Comisión de Título de Grao en Óptica e Optometría
- Comisión de Título de Mestrado en Optometría
- Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos e Espazos

1.4 Regulamentos e normas

A facultade de Óptica e Optometría conta cós regulamentos e normas que rexen os procesos académicos e de xestión que en cada caso corresponden:

- [Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría](#)
- [Regulamento de Traballo de Fin de Grao en Óptica e Optometría](#)
- [Normas das Prácticas Tuteladas do Grao en Óptica e Optometría](#)
- [Regulamento do Traballo de Fin de Mestrado en Optometría](#)
- [Normas das Prácticas Externas do Mestrado en Optometría](#)

Todos estes documentos atópanse dispoñibles na páxina Web da Facultade na seguinte ligazón:
[NORMATIVA](#)

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade de Óptica e Optometría contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da “Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA”

3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

3.1 Equipo decanal (ED)

O equipo decanal do centro, e en particular o seu decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).

- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a non asuma as competencias.
- Propoñer á xunta de facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á xunta de facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á xunta de centro, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

3.2 Comisión de Calidade do Centro (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCC da Facultade de Óptica e Optometría:

- Decano/a do centro, ou a persoa na que delegue
- O/a responsable de calidade do centro (RCC)
- Coordinador/a de calidade (*se o/a houbese*)
- Coordinadores/as das titulacións de grao e mestrado
- O/a responsable da Unidade de apoio á Xestión de Centro e Departamentos
- 2 representantes do alumnado
- 4 representantes do profesorado

Ademais, o/a decano/a do centro cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC do centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.

- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

3.3 Responsable de calidade do centro (RCC)

O/a decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/unha responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

3.4 Comité Consultivo

A Facultade de Óptica e Optometría conta cun Comité Consultivo para que axude ao centro a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do centro.
- Canalizar á sociedade información sobre o centro e facer que teña máis proxección no seu entorno.
- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do plan estratéxico do centro.

A participación do seus membros terá carácter voluntario e non será remunerada, e as súas achegas non serán vinculantes. A vinculación dos membros do comité será por un período de 4 anos, con posibilidade de renovación.

O Comité consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias poderanse articular mecanismos alternativos que permitan participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc.).

3.5 Comisi3ns de t3tulo

O centro conta con unha Comisi3n de T3tulo para cada un dos seus t3tulos oficiais, grao e mestrados. As comisi3ns de t3tulo rexeranse polo Regulamento das Titulaci3ns Oficiais de Grao e Mestrado da Universidade de Santiago de Compostela. Respecto aos mestrados, cando estes sexan interuniversitarios, 3 recomendable que todos os membros das Comisi3ns dos T3tulos sexan, membros da Comisi3n Acad3mica Interuniversitaria do T3tulo, nos termos que estableza no convenio.

As composici3ns difiren entre as comisi3ns de t3tulo de grao e de mestrado.

Membros da Comisi3n de T3tulo de grao en 3ptica e Optometr3a:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca
- O/a Coordinador/a do t3tulo que ser3 PDI do t3tulo
- Un/ha secretario/a, que ser3 elixido/a entre os membros da comisi3n
- O/a responsable de calidade do Centro
- Un m3nimo de 4 e un m3ximo de 12 membros do PDI, que ser3n elixidos entre os docentes do t3tulo cunha representaci3n proporcional 3 carga lectiva das s3as 3reas de co3ecemento e departamentos
- Dous representantes do alumnado
- O/a responsable da Unidade de Apoio 3 Xesti3n
- Poder3n participar (con voz pero sen voto) na comisi3n, cando as3 o demande a natureza do t3tulo, profesorado externo, egresados, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

Membros da comisi3n de T3tulo de Mestrado en Optometr3a:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- O/a Coordinador/a do t3tulo que ser3 PDI do t3tulo
- Un/ha secretario/a, que ser3 elixido/a entre os membros da comisi3n.
- O/a responsable de calidade do Centro.
- Un m3nimo de 4 e un m3ximo de 12 membros do PDI, que ser3n elixidos entre os docentes do t3tulo cunha representaci3n proporcional 3 encarga lectiva das s3as 3reas de co3ecemento e departamentos.
- Un m3nimo dun/dunha estudante do t3tulo
- O/a responsable da Unidade de Xesti3n
- Poder3n participar (con voz pero sen voto) na comisi3n, cando as3 o demande a natureza do t3tulo, profesorado externo, egresados, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

O centro crear3 comisi3ns de t3tulo cando se considere necesario para os graos, e en todo caso, para os mestrados.

As Comisións de Título velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno dos centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

3.6 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os/as responsables do título de grao ou mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC a proposta da/do decana/o. Informarase do nomeamento á xunta de centro e aos departamentos que participan na docencia do título.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daqueloutras que correspondan a outras instancias.

3.7 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo decano/a do centro entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétase en 8 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de Facultade concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas

PI-02 Auditoría interna

PI-03 Xestión dos recursos humanos

PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-05 Xestión documental

PI-06 Medición e mellora

PI-07 Xestión de incidencias (SQR)

PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina Web da Área de Calidade

A Facultade de Óptica e Optometría ten elaborados uns informes para acadar de un xeito mais específico a información dos grupos de interese e garantir o coñecemento da súa opinión.

No grao en Óptica e Optometría estes informes/enquisas son:

1. Informe de perfil de ingreso no grao de Óptica e Optometría.
2. Informe de prácticas Tuteladas do Grao.
3. Informe de prácticas Externas do Máster.
4. Informe de autoavaliación de materias do Grao en Óptica e Optometría.
5. Informe dos recursos bibliográficos.
6. Informe de satisfacción dos/as estudantes co proceso do TFG.
7. Informe de satisfacción dos/as estudantes co proceso do TFM.
8. Informe de satisfacción do profesorado titor co proceso do TFG.
9. Informe de satisfacción do profesorado titor co proceso do TFM.
10. Informes do Plan de Acción Titorial (PAT)
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa xornada de acollida.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes co curso de introdución á biblioteca.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes co ciclo de charlas encadradas na actividade Formación extracurricular en Óptica-Optometría.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa charla informativa de TFG.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa charla informativa de TFM.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa charla informativa de mobilidade.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa charla informativa de Prácticas Tuteladas do Grao.
 - Informe de satisfacción dos/as estudantes coa charla informativa de Prácticas Externas do Máster.

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relación entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública
Procesos institucionais	PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas		X	X	X	X	X
	PI-02 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-03 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PI-05 Xestión documental						X
	PI-06 Medición e mellora	X	X	X	X	X	X
	PI-07 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X

	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X

Anexo I. Política de calidade

A Facultade de Óptica e Optometría é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

Esta Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, esta Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

Integración, participación e igualdade: esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

Orientación ao alumnado: a Facultade garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.

Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a subscribe este documento de política de calidade o día 11 de xullo de 2019.



FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA

Sinatura (*electrónica*) do/a Decano/a do centro